



Memoria Xustificativa

Asunto: CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A SAMI (SANTA, APOSTÓLICA E METROPOLITANA IGREXA) CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CATALOGACIÓN DO FONDO HISTÓRICO DO ARQUIVO-BIBLIOTECA DA CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A SÚA INTEGRACIÓN NOS CATÁLOGOS COLECTIVOS DO PATRIMONIO BIBLIOGRÁFICO ESTATAL E GALEGO

Segundo o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a esta correspóndelle, entre outras, as funcións en materia de promoción e difusión da cultura e do patrimonio cultural, nos que se inclúen o documental e o bibliográfico.

Concretamente, á Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, correspóndelle *“velar pola conservación e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestando servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización”*. Asociada a esa función, a Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, establece que a Biblioteca de Galicia, servizo dependente da Subdirección Xeral de Bibliotecas, utilizará os medios tecnolóxicos necesarios para facilitar a accesibilidade en liña dos seus recursos e manterá relacións de colaboración e coordinación con outros centros ou organismos que dispoñan de fondos bibliográficos do seu interese.

A Catedral de Santiago de Compostela é unha das institucións da Comunidade Autónoma de Galicia que conta cuns fondos documentais e bibliográficos de interese para a difusión e preservación do patrimonio cultural galego, xa que pertencen ao acervo común. Unha parte mínima dos fondos bibliográficos desta institución están incluídos no do Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia (CCPB-G).

O CCPB-G realízase en cumprimento da lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. A nova Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no capítulo VII, artigo 110, sinala que obras constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, determinando que son os fondos e coleccións bibliográficas ou hemerográficas de especial valor cultural e as obras literarias, históricas, científicas ou artísticas, impresas, manuscritas, fotográficas e magnéticas, de carácter unitario ou seriado, en calquera tipo de soporte e





independentemente da técnica utilizada para a súa creación ou reprodución, das que non conste a existencia de polo menos tres exemplares idénticos en bibliotecas ou servizos públicos, ou sexan anteriores a 1901.

A Catedral de Santiago de Compostela, posúe unha colección bibliográfica que cumpre todos os requisitos para ser integrada no Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de España (CCPB) e de Galicia (CCPB-G), polo valor bibliográfico que a súa *Biblioteca Capitular* alberga. É, polo tanto, fundamental completar a súa catalogación, o que contribuirá a identificar e localizar de xeito máis exhaustivo o patrimonio bibliográfico de todos os galegos e galegas.

A sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Catedral de Santiago de Compostela para a catalogación completa da *Biblioteca Capitular*, permitirá unha maior accesibilidade aos fondos, que pasarán a formar parte do CCPB e do CCPB-G.

Por todo o anterior, procede a sinatura do convenio gratuito, no que o custo de realizar a catalogación, que se estima en 23.000,00 €, será asumido pola consellería mediante os seus recursos propios ou o correspondente procedemento de contratación, sen que a catedral reciba ningunha contraprestación económica desde a consellería.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2017

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez

